

PRE-BRIEFING

3.0

II Raid de Melide

Campionato Galego 2026

A zona de Saída/T1/T2/Meta está situada no [Parque Rosalía de Castro](#) onde tedes varios bares e unha fonte de auga no propio parque. Na contorna non teredes problema de aparcamento, na estrada que une o Parque Rosalía, o [IES](#) e o [Pavillón \(duchas e lava-bicis\)](#) podedes aparcar a ambos lados. Pegado ao Parque tamén tedes [un aparcadoiro](#)
Elimínase o frontal e chaleco como material obrigatorio.

Deixamos un mapa con todas as ubicacións importantes:
<https://www.google.com/maps/d/u/3/edit?mid=1zraBF17Xg22TndQR25-w5hTQyh3BrYg&usp=sharing>

Se queredes tomar un cafeciño quente ou colacao antes da saída da carreira, ou ben unha cerveciña ou refresco o rematar o raid, recomendamos a [Cafetería Solaina](#), colaborador do raid.

Será un raid con seccións lineais pero non obrigatorias, é dicir, tedes que picar as balizas na orde establecido pero podedes saltarvos algunha se o considerades oportuno

S1 Trekking - Score-Lineal

Parte da sección discurre polo casco urbano, tede moito cuidado cos coches e viandantes
Trekking dividido en dúas partes, unha inicial SCORE onde escolledes a orde das balizas e unha segunda parte LINEAL, nesta parte as balizas están unidas no mapa para que seña fácil distinguilas e seguir a orde. Unha vez picada a última baliza score, non tedes que volver á Transición senón que xa ides directamente a picar a primeira baliza da parte lineal da sección
Ollo ás estradas e ás zonas prohibidas

S2 BTT - Trekking - BTT - Lineal

Según saídes da transición, a 300 metros, tedes un paso obrigatorio que cruza unha estrada con moito tráfico, hai paso de peóns pero **EXTREMADE** a precaución.

A primeira parte é moi rápida, nos leva á primeira baliza, baixada pronunciada polo medio de un pinar, cuidado coas polas do chan.

Pechade as vallas que vos atopedes xa que serven para gardar o gando.

A maioría desta sección circula por pistas con bo firme, aínda que debido as choivas deste inverno atoparedes tramos moi mollados. Atravesaredes as partes altas do Bocelo e do Careón, o vento soe soplar forte, tedeo en conta para a roupa.

Esta BTT permite un recorte, de aproximadamente a metade da distancia, fíixadevos nos pasos obrigatorios

Chegaredes á transición intermedia (**Baliza 8** recordade picar na mesa da organización) onde deixaredes as bicis para facer un trekking lineal polo Careón, teredes auga na carpa se a precisades.

Este trekking ábrese ás 12:30. Utilizouse a simboloxía de MTBO para representar os camiños.

O Careón pertence a Rede Natura, procurade coidar o entorno.

Olo á hora de peche

Non se permite asistencia polo que teredes que portear na bici as zapatillas para o trekking

Última parte en bici ata Melide, curta e rápida

Olo ás estradas e ás zonas prohibidas

S3 Trekking - Lineal

Recoméndase levar as pernas tapadas.

Ao sair da transición teredes un **PASO OBRIGATORIO** para cruzar a nacional por un paso de peóns, haberá persoal da organización controlando este punto. Tede moito coidado xa que esta estrada ten moitísimo tránsito. Olo as estradas prohibidas. Tedes dúas fontes no primeiro km.

Unha vez chegado á ponte mono seguides as instrucións da organización, no caso de non querer facer a proba especial podedes saltala pero perdedes os puntos de esta baliza. Levade guantes para esta proba se o considerades oportuno.

Teredes unha parte do mapa borrada, a cal se vos entregará nun zoom, nesta ampliación as balizas de inicio e fin non estarán físicamente no terreo e polo tanto non hai que picalas.

Olo ás estradas e ás zonas prohibidas